

Acta do sorteo para a selección dos participantes na “Campaña de vela 2009”.

Na Sala de Sesións da Casa do Concello de Sada, ás doce horas e dez minutos do día catorce de xullo de dous mil nove, ten lugar o acto público de sorteo das prazas para participar na “Campaña de vela 2009”, 3ª quenda (Sada), cunha duración dunha semana (do 20 ao 24 de xullo), prazas correspondentes a dous grupos, un pola mañá e outro pola tarde, que ten por obxecto a práctica de actividades relacionadas coa navegación para nenos de 9 a 18 anos, sorteo que se celebra de conformidade coas bases do programa ó superar o número de solicitudes o número de prazas dispoñibles.

Está presente no acto o Técnico Animador Deportivo, D. Rafael Pena Pérez; actúa como Secretario por delegación do Secretario Xeral o técnico de Administración Xeral adscrito á Secretaría Xeral, D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto.

Aberto o acto, o sr. Pena Pérez informa ao público presente de diversos extremos relativos á participación neste programa provincial. Infórmase igualmente ao público do número que corresponde a cada un dos solicitantes que entran no sorteo, que son un total de trinta e cinco para as vinte prazas dispoñibles para o Grupo A (mañá), e vinte e cinco solicitudes para as vinte prazas dispoñibles para o Grupo B (tarde). Invítase ó público a comprobar a existencia das bolas correspondentes a cada un dos números e a súa introdución nunca bolsa que está disposta para efectuar o sorteo, e non habendo obxección ningunha procédese ó sorteo extraendo primeiro os nenos que obteñen praza para o Grupo B e os cinco de reserva, pasando posteriormente ao Grupo A cos seus quince reserva, determinando a orde pola que figurarán cadanseu na listaxes correspondentes, co resultado que figura nas táboas que se xuntan.

Rematado o sorteo e non sendo outro o obxecto do acto, o sr. Pena Pérez dispón que se faga público o resultado e, sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comezo indicado, levanta a sesión da que se redacta a presente acta. De todo o cal eu, como Secretario en funcións, dou fe.